



Mari Pau Trayner i Vilanova

Pili Calle Humanes¹

O pasado 16 de decembro a nosa compañeira Mari Pau Taryner i Vilanova deixounos para atoparse definitivamente co abrazo de Deus despois de 89 anos de vida intensa e frutífera. Estas letras sérvennos para agradecer e honrar a vida de Mari Pau, irmá, amiga, profeta e cómplice de resistencias libertarias. Unha vida baseada na irrenunciable loita polos dereitos das persoas, encarnados no Evanxeo. Un legado para continuar as súas pegadas que nos axude a facer florecer a esperanza. Déixanos un testemuño de verdade, de loita feminista para apoderar as mulleres na Igrexa, no barrio onde viviu e tamén as mulleres latinoamericanas nos seus anos de compromiso con países do Sur.

Relixiosa escolapia, mestra, teóloga, feminista e activista incansable polo dereito das mulleres e de colectivos vulnerables, Doutora en Antropoloxía, Licenciada en Teoloxía e Psicoloxía, Mari Pau foi unha das voces máis sólidas e coherentes do cristianismo de base en Cataluña. Fixo da tarefa educativa, do compromiso social e da teoloxía feminista os eixos centrais dunha traxectoria vital que atravesou a época social da ditadura e a transición neste país, desde o seu lugar, o barrio obreiro de Can Serra e América Latina.

Aos 21 anos ingresou nas Escolapias inspirada pola fundadora da congregación, a quen admiraba pola valentía de educar nenas no século XIX rompendo límites sociais e eclesiais.

Finalizando a ditadura instalouse no barrio obreiro de Can Serra, en Hospitalet de Llobregat, unha cidade próxima a Barcelona,

1 Membro de *Alcem la Veu* - Barcelona

vivindo o seu compromiso coa escola pública e as loitas veciñais. No barrio foi recoñecida pola súa presenza constante e discreta, nas mobilizacións ante a falta de servizos para unha vida digna, xerando procesos de apoderamento a través de grupos de mulleres e acollida de persoas migradas.

Outra experiencia decisiva na súa vida foi Nicaragua, onde entrou en contacto con teólogas latinoamericanas. Aqueles anos marcárona profundamente e mantivo vínculos de solidariedade con movementos sociais indíxenas. Non puido estar na presentación, que se fixo recentemente, do libro *Pels Camins del Món*, no que colaborou achegando o que significou esa etapa na súa vida.

Abrazou a Teoloxía da Liberación desde unha perspectiva feminista, tecendo redes coas teólogas latinoamericanas e a realidade de nosa Igrexa. Esa experiencia vital impulsouna a ser unha das fundadoras do Colectivo Mulleres na Igrexa pola Paridade (Dones a l'Església per la Paritat) en Catalunya. Este colectivo foi un dos grupos de avance pola igualdade das mulleres na Igrexa na segunda metade do século XX. Os seus actos valentes rompendo límites sociais e eclesiais, foron sempre referentes para todas nós e a matriz da coordinadora *dones creients Alcem la Veu*, que xurdiu en 2020.

En *Alcem la Veu* foi acompañándonos todo este tempo de crecemento como colectivo xunto ao resto de compañeiras de Revolta de Mulleres na Igrexa. Unha presenza sempre fiel, discreta e con ese punto de ironía que nos situaba desde o humor e a alegría para seguir camiñando sen perder a esperanza. A súa achega, co epílogo, no libro que recolle esta vivencia (Revolta de Mulleres na Igrexa, ata que a igualdade se faga costume) foi como unha bendición deste novo momento eclesial e social.

Gozámola ata os seus últimos días nas asembleas, axudándonos na preparación do acto ao redor do 8 de marzo, colaborando e acollendo as máis novas que se foron sumando a esta tolemia bendita de apostar por unha Igrexa xusta, libre e en equidade.

Grazas, Mari Pau, por impulsarnos a ir máis aló.

Pili Calle Humanes